


Colección permanente




Plan Director da Catedral de Santiago: Alzado oeste.

Normas de visita:


Non se poderá acceder con bolsas ou mochilas.
O Cabido e Fundación Catedral reservan os dereitos de admisión e peche de espazos, así como a suspensión e cancelación de actividades por causas xustificadas (con devolución do importe correspondente).
Non se permite tocar as obras de arte (a súa conservación depende do respecto ás mesmas). As fotografías e vídeos non están permitidos nos lugares sinalizados.
Evitarase causar calquera tipo de molestia aos demais visitantes.
Colaborarase en manter a limpeza do recinto e bo estado das instalacións.
Os grupos moi numerosos dividiranse, seguindo as instrucións do persoal responsable.

- Recepción de Visitantes, Taquilla
- Colección permanente
- Cubertas da Catedral
- Torre da Carraca
- Pórtico da Gloria
- Pazo de Xelmírez e Exposicións temporais




PLANTA 1a

05. Arte na Catedral nos séculos XIII - XV
06. Arte na Catedral nos séculos XVI - XVIII
07. O Aposíto Santiago




PLANTA BAIXA

01. Área de recepción / Tenda oficial
02. As orixes da Catedral
03. Espazo Mestre Mateo: O coro pétreo
04. A construción da Catedral románica



PLANTA 3a

15. Colección de artes textiles
16. Tapices de Rubens
17. Tapices de Teniers
18. Tapices da Real Fábrica de Madrid
19. Tapices de Goya
20. Balconada ao Obradoiro



PLANTA 2a

08. Claustro renacentista
09. Espazo Sacro Tesouro-Capela de Relíquias I
10. Espazo Sacro Tesouro-Capela de Relíquias II
11. Espazo Sacro Tesouro-Capela de Relíquias III
12. Biblioteca capitular
13. Botafumeiro
14. Sala Capitular

Espazos visitables Museo Catedral

- I. Colección permanente
- II. Pazo de Xelmírez
- III. Pórtico da Gloria
- IV. Cubertas e Torre da Carraca
- V. Museo de Arte Sacro e Colexiata de Sar

Tarifa reducida: estudantes, parados, xubilados e peregrinos.

Tarifas especiais para grupos educativos.

Todas as modalidades de visita inclúen visita a exposicións temporais.

Todas as modalidades de visita inclúen o acceso libre aos centros integrados no proxecto Compostela Sacra.



MUSEO DE CATEDRAL DE SANTIAGO

Recepción de visitantes. Taquilla
Praza do Obradoiro

Información e reservas:
902 044 077 / 981 552 985
www.catedraldesantiago.es
e nos accesos ao Museo na praza do Obradoiro



Descarga a audioguía interactiva da Catedral de Santiago e Museo
Dispoñible para iOS e Android



FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO



Colección permanente

Unha visita á historia e á arte da Catedral de Santiago a través das súas mellores pezas artísticas. O visitante poderá viaxar no tempo e coñecer como a partir do sepulcro do Apóstolo Santiago construíuse unha gran catedral ao redor da cal, ao longo dos séculos, foi crecendo unha cidade e todo un fenómeno xacobeo que, co Camiño de Santiago, xogou un papel importante na construción da identidade europea e que é, dende 1985, Patrimonio da Humanidade. O percorrido da visita tamén inclúe o acceso ao claustro e ao espazo sacro do Tesouro e Capela de Reliquias, ademais da Biblioteca e a Sala Capitular.




Espazo Mestre Mateo

A Sala de Cerimonias do Pazo de Xelmírez alberga un espazo monográfico dedicado á figura do Mestre Mateo. Nel expóñense varias pezas orixinais que formaron parte de diferentes espazos da Catedral, o que permite ao visitante realizar unha completa panorámica sobre un período esencial na historia da catedral e da arte universal.



Torre da Carraca

A torre norte da fachada do Obradoiro recibe o nome de Torre da Carraca por albergar no seu interior este instrumento, de grandes dimensións, cuxo son substitúe ao das campás durante o Venres e Sábado Santos. A visita permite coñecer a estrutura orixinal medieval da torre sobre a que se levantou o remate barroco, a imitación do da súa xemelga sur, a Torre das Campás, así como ter unha panorámica privilexiada do complexo catedralicio e da cidade de Santiago.



Cubertas da Catedral

A cuberta pétreo da Catedral de Santiago está disposta en chanzos e pódese percorrer, ofrecendo unhas panorámicas espectaculares tanto da basílica como da cidade de Compostela.



Pórtico da Gloria

O Pórtico da Gloria é a entrada occidental da catedral románica, ideada polo xenio do Mestre Mateo cuxo obradoiro de canteiros interpretou en pedra as pasaxes da Apocalipse. Considérase unha obra cume da arte universal. Todo o espazo foi restaurado recentemente, co mecenado da Fundación Barrié, o que permitiu recuperar parte da súa policromía.



Santa María de Sar



Xunto á cidade histórica levántase o conxunto arquitectónico de Santa María a Real de Sar, cuxos orixes se remontan a 1136, en tempos do Arcebispo Xelmírez. O seu estilo presenta unha importante influencia do taller da basílica xacobeo, en especial do Mestre Mateo. Posúe interesantes capiteis, unha ampla serie de laudas funerarias e un fermoso claustro, un dos mellores do seu estilo. Chama a atención a inclinación dos piares das súas naves, debido tanto a deficiencias na construción como á natureza pantanosa do terreo. Adxacente á igrexa organízase o museo de arte sacra.

